



MULLERES TRANS REFERENTES PARA O 8M 2021

Proxecto da asociación:



Levado a cabo por: Cristina Palacios (presidenta),
Prince Vidal Rodríguez (ilustración e deseño),
Alicia Moure (parte didáctica),
Isabel Torres e Antonio Pérez (colaboradorxs).



* Permítese a descarga e partilla deste documento, respectando os termos da licenza: citación de fontes, ausencia de lucro e partillas nas mesmas condicións.

PRESENTACIÓN

A transexualidade fundamentalmente é unha conquista, a realización dun desexo, o desexo de ser e poder vivir socialmente como realmente son.

Asistimos durante décadas a uns malos tratos xeneralizados por parte da sociedade cara as persoas trans, máis nomeadamente ás mulleres. Na actualidade segue a existir unha imaxe distorsionada das súas vivencias, contemplándoas como persoas erradas, seres nocturnos, que elixen o que son, que habitan nun corpo equivocado que precisan modificar, engadíndolle morbosidade e desposuíndoas de calquera trazo humano posible.

As rapazas e mulleres trans que dende a súa infancia e adolescencia loitan contra o rexeitamento social, son presas da desigualdade xerada polo cisheteropatriarcado. Ao igual que calquera muller, tamén son vítimas da discriminación machista e teñen que loitar contra o acoso sexual, a violencia de xénero, a fenda laboral e salarial. Pero tamén contra os prexuízos, o rexeitamento familiar e social, a falla de referentes positivos, a deficiente formación e a falta de capacitación laboral, obstáculos moi importantes para o apoderamento e a integración social destas mulleres.

Dende ARELAS levamos anos traballando con centros educativos de toda Galiza, tratando de chegar a todo o alumnado a diversidade de identidades, orientacións e familias, loitando para erradicar a LGTBI-fobia. Buscando continuamente mellorar e ampliar as accións formativas presenciais que facemos nas aulas co alumnado, elaboramos materiais educativos para uso e desfrute de calquera persoa allea á entidade con ganas de seguir visibilizando e formando sobre estas realidades dende unha mirada positiva e transformadora (docentes, alumnado, familias,...). Normalmente os materiais empregados nas aulas teñen unha mirada cisheteronormativa, limitante, de como debemos ser, vivir e expresar a nosa identidade de xénero, da forma “correcta” de amar ou desexar e o tipo de familia patriarcal imperante, case sempre froito dos mitos do amor romántico.

É por isto que presentamos este material con motivo da celebración do 8 de marzo, día da muller, como unha ferramenta contra a discriminación e a invisibilidade das mulleres trans. Para darlles o seu espazo na loita feminista contra as violencias e desigualdades machistas.

Sororidade e feminismo para Transformar a sociedade!

**Cristina Palacios, presidenta de ARELAS, asociación
de familias de menores trans de Galiza**

Existimos e estamos, camiñamos ao teu, ao voso rente.

Sofremos o Patriarcado, o heteropatriarcado que nos provoca ánsias de revolución, daí ninxe a nosa forza.

Como dicía Mario Benedetti “Hai poucas cousas tan enxordecedoras como o silencio” por iso hai décadas que as Mulleres Trans somos visíbeis.

Estamos inmersas, en pé de igualdade, nos Feminismos. Traemos a nosa seiba co Transfeminismo sumando as forzas das resilientes, das que estamos nas marxes da sociedade.

Somos lume, somos paixón por un outro mundo que entre todas si é posíbel.

Laura Bugalho, transfeminista e sindicalista.



INTRODUCCIÓN AOS MATERIAIS

Benvidas, benvidos e benvides. Dende ARELAS, asociación de familias de menores trans de Galiza, poñemos a vosa disposición este material educativo, con motivo do 8M, para que as mulleres visibilizadas nas aulas supoñan un conxunto máis representativo da nosa sociedade. Trátase dunha serie de actividades e temas a tratar, adaptados aos diferentes cursos escolares, que pretenden introducir ás mulleres trans no curriculum para que unha porcentaxe importante de mozas, profesoras e traballadoras no ámbito docente poidan atoparse neste día e nesta loita.

Estes son os PDFs que vos proporcionamos e que configuran o proxecto:

1. Este libro/guía docente. En caso de imprimir, está pensado para dobre cara en A4. Contén por este orde:

- Unha **introdución á diversidade** afectivo-sexual e conceptos básicos
- Unha **suxerencia metodolóxica** sobre como levar a cabo as actividades.
- **10 breves biografías ilustradas** de 10 mulleres trans, a maioría referentes actuais, con contido adicional a través de códigos QR, videos ou artigos relacionados con cada unha que nos resultaron interesantes para acercarnos a estas figuras.
- Un **anexo de referencias** legislativas relacionadas coa diversidade afectivo-sexual.

2. Cadernillos de actividades: 4 en total, con exercicios adaptados a diferentes rangos de idade.

- CADERNILLO A, para 1º e 2º de Primaria.
- CADERNILLO B, para 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria.
- CADERNILLO C, para 1º, 2º e 3º da ESO
- CADERNILLO D, para 4º da ESO e os grupos de Bachiller

3. Carteis: Complemento esencial para o desenvolvemento das actividades. Son as 10 ilustracións que aparecen na guía docente con información biográfica engadida e están pensados para que se impriman en A3.

DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL

BREVE INTRODUCCIÓN A TRAVÉS DAS REALIDADES TRANS

Os conceptos que se explican a continuación non pretenden reemplazar unha formación sobre esta materia, senón servir como coñecemento base para **evitar discursos tóxicos ou estereotipados** nas vosas aulas. Animámosvos a curiosar sobre os termos que queden a medias para ofrecer un contido máis completo ao alumnado. Nesta sección intentaremos que comprendades un pouco a realidade trans a través de tres simples afirmacións, paliando de paso certas crenzas que perxudicaron dende sempre a convivencia con este colectivo.

1. As mulleres (e persoas) trans non naceron nin viven en corpos equivocados.

O noso sistema actual clasifica ás persoas segundo a súa xenitalidade; se unha crianza ten pene asígnaráselle a etiqueta “home”, se ten vulva, “muller”. É un sistema binario, establecido pola usual coincidencia entre ambos conceptos (pene-home, vulva-muller). Aínda así, estes non sempre se corresponden, por iso diferenciamos entre o **sexo asignado** ao nacer polo persoal médico, atendendo só a un par de caracteres sexuais, e a **identidade sexual**, capaz de definirte como home, muller ou persoa non binaria fronte a sociedade, a través da túa autopercepción e máis alá do sexo que se che asignara, dos estereotipos e roles de xénero.

Unha muller **trans** é, polo tanto, unha muller cuxo sexo asignado ao nacer foi, atendendo ao seu xenital, “home”, pero que acabou manifestando dalgunha maneira unha identidade sexual diferente, neste caso “muller”. Se esta muller nacera con vulva e se lle fora asignado xa ao nacer o sexo feminino, sería **cissexual**, coincidindo identidade e sexo asignado.

Trátase entón dunha etiquetaxe errónea. Asíguese e asígnase unha identidade a esa crianza, pero iso non implica que o seu corpo estea equivocado; simplemente sáese do normativo. Cada persoa trans realizará un **proceso de tránsito particular**, sen comezo ou final específicos. Normalmente, hai unha etapa de tránsito social onde se da a coñecer pola súa verdadeira identidade (moi importante: respetar o nome e os pronomes elixidos por esta persoa) e logo, se o desexa, realizará cambios físicos que a fagan sentir máis cómoda coa súa corporalidade e coa sociedade na que vive. Independentemente do que faga: **O corpo dunha muller trans é o corpo dunha muller, válido e de seu.**

2. Identidade, orientación e expresión son conceptos independentes.

É verdade que estos termos forman parte do gran cóctel ao que chamamos **sexualidade** (recoméndase buscar a definición do termo dado pola OMS) pero son independentes os uns dos outros dentro de cada persoa. Así, unha muller trans (identidade) pode ser heterosexual e sentir distintos tipos de atraccións – física, romántica e/ou sexual–, polos homes, pode ser lesbiana e atraerlle as mulleres, bisexual/pansexual e atraerlle tódolos sexos, pode que ningún (asexual) etc. Esta sería a súa **orientación sexual**.

Por outro lado, ser muller ou hetero pouco ten que ver coa maneira na que elixes expresarte e presentarte ás demais persoas. Chámasele **“expresión de xénero”** á roupa que escollemos, ao aspecto, aos roles, condutas, intereses... todas características que nos definen e podemos catalogar, de acordo a nosa cultura e estereotipos sociais, como **femininas, masculinas ou andróxinas** (características cuxa ambigüidade non nos permite catalogalas nas dúas anteriores). Isto non ten por que corresponder ca identidade ou sexualidade; unha muller, trans ou cis, poderá vestir e ser o masculina/andróxina que queira, unha persoa non binaria poderá tamén ser o feminina/masculina que prefira.

3. Actualmente o noso sistema social é cisheteropatriarcal.

Se o patriarcado é unha organización onde prevalece o criterio do varón, o termo cis-hetero-patriarcado especifica: sempre que este varón sexa cissexual (a súa identidade sexual coincida co sexo que se lle asignou ao nacer) e hetero (lle atraian as mulleres). Polo tanto, canto máis lonxe desta definición te atopes, máis lonxe estarás do concepto de “normalidade” e de obter dereitos que podemos considerar básicos.

Esta pirámide susténtase no concepto **xénero** e nos estereotipos e roles tóxicos xerados en torno a él, causantes de tódalas actitudes sexistas. O xénero en sí é unha construción cultural e histórica baseada nos sexos, que relaciona sexo, xénero e roles/actitudes, incluso gustos, e nos pode facer asumir absurdas afirmacións como:

muller = vulva = heterosexual = xogar con bonecas, ter fillxs, ser ama de casa

Estes estereotipos e roles non deixan de ser o resultado dun longo proceso de aprendizaxe e traen consigo prexuízos que determinan a nosa actitude ou trato cara outras persoas. No caso das mulleres trans acarrea un nivel de exclusión inconcebible dende un punto de vista humano. Por fortuna, estamos a deconstruílos pouco a pouco, pois a diversidade existe, nas relacións, nas familias, en cada unha das persoas, e dentro destas diferenzas, todes temos o mesmo dereito a recibir amor, comprensión e respecto.

Se tedes calquera dúbida, queredes ampliar información ou facernos suxerencias, non dubidedes en contactar coa nosa entidade aos correos arelasasociacion@gmail.com ou infoarelas@gmail.com. Tamén podedes acceder a nosa web a través dos códigos QR que atoparedes en calquera dos 10 carteis, con vídeos, curtas, recomendacións de contos, máis material didáctico, formación para o profesorado...ou buscando en Google o noso nome.


SUXERENCIA METODOLÓXICA

Sempre enfocándonos en facer a tarefa dinámica, recomendamos imprimir os 10 carteis en A3 e expoñelos polos corredores do centro, preferiblemente separados e en diferentes andares, en caso de habelos.

Na aula, repartiremos a cada alumnx un cadernillo de actividades. Para as etapas de Infantil e Primaria, podemos facer unha breve lectura inicial. Logo, percorrерemos o centro buscando os carteis coa información que precisan para responder as cuestións, xa sexa todo o grupo-clase acompañado do/a titor/a ou en pequenos grupos de 3-2 alumnxs. Neste último caso, para que as parellas non coincidan no mesmo cartel podedes darlle unha orde de actividades diferente a cada unha; que a 1ª parella empece pola pregunta 1, a 2ª parella pola pregunta 2, etc etc. Si esta dinámica non se puidese levar a cabo por mor do protocolo covid, podedes proxectar os carteis na clase.

Unha vez respondidas a todas as cuestións e voltado á aula, pódese facer unha posta en común de ditas respostas. Nos cursos de 4º a 6º de Primaria tamén se pode abrir un pequeno debate, plantexándolles algunha cuestión como: cal destas mulleres che chamou máis a atención? Cal das profesións que viches che gusta máis? E a ti, que che gustaría ser de maior? Pensas que homes e mulleres deben cobrar o mesmo soldo, se desempeñan o mesmo traballo?

Con respecto aos **códigos QR** engadidos nesta guía, aconsellamos para a etapa de Primaria os de Avery Jackson e Jazz Jennings. Para 5º e 6º de Primaria tamén poden resultar interesante os códigos QR de Marina Sáenz, Laura Bugalho, Petra De Sutter e Mara Gómez. Para a etapa da ESO e Bacharelatos, poden todos unha base interesante para abrir os **debates propostos xa nas actividades**.



10 BIOGRAFÍAS ILUSTRADAS



1. MARSHA P. JOHNSON
2. LAURA BUGALHO
3. AVERY JACKSON
4. PETRA DE SUTTER
5. ELSA RUIZ
6. MARA GÓMEZ
7. JAZZ JENNINGS
8. MARINA ECHEBARRÍA SAENZ
9. JUANI BERMEJO
10. LINIKER

Marsha P. Johnson

«Cantos anos tardou a xente en darse conta de que todos somos irmáns e irmás e seres humanos da raza humana.»

Marsha P, nada en Nova Jersey (EEUU) o 24 de agosto de 1945. Foi unha muller afroamericana trans, activista polos dereitos LGBTI+ e das persoas trans de cor, prostituta e Drag Queen que viviu até xullo de 1992.

Viviou unha infancia difícil, sometida a unha forte educación cristiá, e acabou exercendo a prostitución para sobrevivir nas calles de Nova York. Deseñou todos os seus traxes e adoitaba usar flores e froitas na cabeza, converténdose nunha figura rechamante da comunidade LGBTI+ desta cidade.

A súa vida celebrouse en numeroso libros, documentais e películas. Marsha encabezou o levantamento de Stonewall xunto con Sylvia Rivera e é recoñecida como pioneira do movemento de liberación gai nos Estados Unidos. As protestas que seguiron foron a resposta de toda a comunidade LGBTI+, farta dos continuos arrestos públicos que estaba a levar a cabo a policía neses momentos, sen ningún tipo de motivo legal.

Máis tarde estableceu a “Street Transvestite (agora Transgender) Action Revolutionaries”, STAR, un grupo comprometido a axudar á mocidade trans sen fogar en Nova York. A causa da morte de Marsha P. segue sendo un misterio a día de hoxe.



Video na canle de Youtube
“Venezuela Diversa Asociacion Civil”:

“Marsha P. Johnson y Sylvia Rae Rivera.
Reclamo a la Marcha del Orgullo LGBTI+”



Laura Bugalho

«Nós non somos as persoas enfermas, en todo caso hai unha sociedade enferma, cunha patoloxía chamada transfobia»

Laura Bugalho, nada en Santiago de Compostela o 6 de maio de 1964. Diplomada en Maxisterio e licenciada en Pedagogía, na especialidade de Intervención Social, traballa como sindicalista da CIG (Confederación Intersindical Galega) dende 1992. Asemade ten destacado como unha incansable activista LGBTI+, transfeminista e a prol dos dereitos das persoas migrantes, asesorandoas dende 1993 e denunciando, desde entón, a máis de 19 mafias que operaban en Galiza. Está inmersa en innumerables causas sociais.

Creou o primeiro movemento trans de Galiza, “Transgaliza”, para comezar a visibilizar a realidade deste colectivo, chegando a conformar redes de traballo con outras organizacións do Estado. Ten publicado diversos artigos nas seguintes editoriais: Píkara Magacine, Andaina, A Nosa Terra, Novas dá Galiza, Galiza Livre, Diario Liberdade e Sermos Galiza.

Laura Bugalho ten recibido, entre outros, os seguintes premios e recoñecementos:

- Premio Legais 2001 a Defensa dos Dereitos e Liberdades LGBTI+.
- Premio Triángulo de Ouro EHGA 2009.
- Premio Nicolás Salmerón 2011 na categoría de Defensa das Liberdades Sexuais.



Artigo do Diario de Pontevedra:

Laura Bugalho: “A unha nena trans diríalle que loite por ela, polas que veñan, e pola felicidade”



Avery Jackson

*«O mellor de ser unha nena é que agora non teño
que finxir que son un neno.»*

Avery Jackson, nada en Kansas City (EEUU) en 2007. É unha activista trans de 14 anos. Con tan só 9 anos, converteuse nun símbolo da comunidade LGBTI+ ao documentar a súa transición a través de Youtube, apoiada pola súa nai, Debi Jackson.


Foi a primeira persoa trans en protagonizar a portada do medio de fama internacional National Geographic, sendo ela un dos 80 retratos que conformaron o artigo “Gender Revolution”, un especial do Día Internacional das Nenas de 2017. Neste proxecto entrevistaron a múltiples cativos e cativas de 9 anos de diferentes culturas, centrándose nas diversas ideas que tiñan sobre o xénero e na maneira na que lles influía. Avery foi quen de deixar en evidencia multitude de muros e prexuizos con respecto ao binarismo home/muller que existen todavía na nosa sociedade.

En 2020 protagonizou a película “Transhood”. Este documental explica, entre outras cousas, a loita e a transformación pola que tivo que pasar a súa familia, as súas amizades e a sociedade que a rodeaba. Sufriu moito, pero conseguiu facer visible a necesidade de comprometermos tódalas persoas para conseguir mellorar, aceptar e entender outras realidades diferentes as nosas.



Video na canle de Youtube “Infobae”:

“La conmovedora historia de la niña
transgénero de 9 años”



Petra De Sutter

«Non te convertes en ministra e viceprimeira ministra pola túa identidade de xénero nen pola túa orientación sexual, senon polas túas capacidades»

Petra De Sutter, nada en Oudenaarde (Bélxica) o 10 de xuño de 1963. Foi recentemente nomeada Viceprimeira Ministra de Bélxica e Ministra de Administracións Públicas, sendo a primeira muller trans ministra en Europa. Formou parte do Parlamento Europeo entre 2019 e 2020, é xinecóloga e política do Partido Verde.

Traballou como profesora de xinecoloxía e foi xefa do Departamento de Medicina Reprodutiva no hospital da Universidade de Gante. Dedicouse a estudar os problemas de fertilidade nas mulleres, é unha gran defensora dos dereitos sexuais e reproductivos, foi membro do Intergrupo do Parlamento Europeo sobre Dereitos LGBTI+ e copresidiu o grupo MEPs na loita contra o cancro.

De pequena, foi educada nun ambiente moi conservador e católico. Viviu encerrada na súa mente ate que, aos 40 anos, logrou aceptarse e presentouse finalmente como muller, un proceso que a fixo máis forte. Según ela, converteuse na rara, na marxinada, e iso volveuna unha persoa tolerante. “Fixome ser mellor doutora, porque de pronto eu era a paciente. Tamén me fixo boa política porque aprendín a escoitar, a entender as persoas.”



Artigo/entrevista no xornal El País:

“Espero que mi ejemplo genere un debate en el resto del mundo”



Elsa Ruiz

*«Hai moitas realidades de mulleres, distintas en todo o planeta.
O feminismo, para que sexa real, ten que incluílas a todas.»*

Elsa Ruiz, nada en Madrid (España) o 2 de marzo de 1987. É unha humorista, ilustradora, presentadora e activista feminista. Colaborou un ano no programa “Todo es mentira” da canle de Televisión Española Cuatro, dedicado a tratar as noticias falsas e bulos que inundan as redes sociais cun toque de humor.

Criouse nunha familia chea de ironía e gargalladas, por iso hoxe en día é coñecida por ser cómica habitual nos escenarios de España, utilizando o humor para visibilizar ao colectivo, acabar cos estereotipos e loitar por un feminismo inclusivo. “Ás mulleres trans cosificannos moitísimo, para moita xente somos algo exótico e morboso”; o machismo e o patriarcado afectan a cada persoa de maneira diferente, e ela defende que toda muller debería ser apoiada nesta loita.

Tamén ten moita forza nas redes sociais e documenta o seu día a día como muller trans na canle de Youtube “Lost in transition”, axudada pola sua moza Gemma. Por outro lado, dende pequena gustou de debuxar e publicou no 2018 o seu libro “Lost in Transition; o la historia de la pizza con piña”, onde recolle múltiples vivencias en formato cómic. Ela mesma di que é como a pizza con piña: diferente e diversa pero tan succulenta (ou máis) que cualquera outra pizza”.



Video/entrevista na canle de
Youtube “Badoo en español”:

“Aunque la transfobia se vista de
morado, transfobia se queda”



Mara Gómez

«A discriminación ás persoas LGBTI+ é un asasinato sin armas»

Mara Gómez, nada en Bos Aires (Arxentina) o 7 de marzo 1997.

É unha futbolista arxentina que xoga de dianteira no Club Atlético Villa San Carlos, converténdose en 2020 na primeira muller trans da historia xogando na primeira división feminina de Arxentina, a máxima categoría de fútbol feminino.

Iniciou o seu percorrido futbolístico nunha liga barrial, aos 15 anos. Durante moito tempo percorreu, como futbolista amateur, diversas ligas da provincia de Bos Aires ata ser fichada no 2019 polo seu club actual. Ao cumprir a maioría de idade logrou modificar a súa documentación grazas a Lei de Identidade de Xénero. Desta maneira, o seu camiño profesional cambiou e puido seguir a súa carreira sen ter que esconderse tras un falso DNI.

A pesar de ter a aceptación da súa familia, algo que, reconece, hoxe en día é todo un privilexio para unha persoa trans, Mara pasou por dificultades debido a desconsideración da sociedade na que vive. Chegou incluso a intentar quitarse a vida, algo que evitou grazas ao apoio dunha boa amiga. Hoxe en día converteuse nun referente mundial e nunha gran loitadora pola igualdade e a equidade entre tódalas persoas.



Video/entrevista na canle de
Youtube arxentina "C5N":

"Mara Gómez, la jugadora trans
que hace historia en la Argentina"



Jazz Jennings

«Sexan cales sexan as túas diferenzas, dalles unha aperta con orgullo; son o que che fan unha persoa excepcional.»

Jazz Jennings, nada en Florida do Sur (EEUU) o 6 de outubro de 2000.


É toda unha personalidade de televisión e activista polos dereitos LGBTI+. Jazz destaca por ser unha das persoas máis novas documentadas en ser identificadas como trans (con 5 anos). Deuse a coñecer en 2007 nunha entrevista con Barbara Walters no programa 20/20, levándoa a ser unha estrela mediática.

Jennings é cofundadora honoraria da “TransKids Purple Rainbow Foundation”, que ela e os seus pais fundaron en 2007 para axudar aos xóvenes trans. En 2011 actuou por primeira vez en Oprah Winfrey Network nun documental chamado “I Am Jazz: A Family in Transition” que trata a vida dela e da súa familia. Fixo series coa mesma temática e ten unha canle de Youtube onde, tamén, busca visibilizar a súa situación e educar a pais e nais no proceso de acompañar as súas crianzas.

En 2013, fundou Purple Rainbow Tails, unha empresa na que crea colas de goma de serea para recadar fondos para crianzas trans. En 2014 foi nomeada unha das 25 adolescentes máis influentes do ano según “Time”. Tamén coescribiu un libro para crianzas, “I Am Jazz”, con Jessica Herthel, onde detalla a súa experiencia particular como nena trans.



Lectura do libro “I Am Jazz” na canle de Youtube “Human Rights Campaign”, onde reflexa a súa experiencia persoal como nena trans.



Marina Echebarría Sáenz

«A igualdade peléxase, pero vaise a conseguir.»

Marina Sáenz, nada en San Sebastián en 1970. Estudou dereito na Universidade de Deusto e doctorouse na Universidade de Valladolid, onde traballa como directora do departamento de dereito mercantil. É a primeira muller trans catedrática en España.

É unha muller prolífica, autora de varios libros e numerosos artigos en revistas especializadas; participou en once proxectos de investigación e en multitude de conferencias, cursos e seminarios sobre temas xurídicos.

Tamén é unha loitadora incansable polos dereitos das persoas trans. Entre a súa labor destaca a co-fundación da Asociación Así Somos, en Valladolid, para defender os dereitos das persoas trans. Foi asesora xurídica de varias organizacións LGTBI+, e colaborou na redacción de varias leis autonómicas de identidade de xénero.

Formou parte como experta do grupo de traballo que conseguiu a aprobación da lei 3/2007 de Cambio de Sexo Rexistral. Colabora habitualmente en foros nacionais e internacionais en materia de identidade e é membro nas mesas de traballo da futura Lei para a Igualdade Real e Efectiva das Persoas Trans, aquí en España.



Video na canle de Youtube “Castilla y León Televisión”:

“La primera mujer catedrática transexual da clases en la facultad de Valladolid”



Juani Bermejo Veiga

«Moitos sorpréndense ao saber que son trans. Imaxina cando se enteran de que son informática cuántica»

Juani Bermejo, nada en Cáceres en 1987. É unha investigadora en computación cuántica española, activista, autora de numerosos artigos científicos e a única profesora transxénero na súa materia en Europa. Estudou o dobre grao de informática e física na Universidade de Salamanca e, tras doutorarse en Munic, estivo tres anos como investigadora na Universidade Libre de Berlín, en Alemania.

Decidiu expoñerse definitivamente como muller en Berlín, en 2019. Esta transición fíxolle perder autoridade no seu ámbito de traballo, pero liberouna e mellorou a súa vida a nivel persoal. Bermejo reclama que o mundo da ciencia está moi xerarquizado e que fan falla referentes, “Cóstache máis entrar nun sitio se non hai ninguén que se pareza a ti”. Este mesmo ano regresou a España grazas a un contrato de investigación Marie Curie-Athenea 3i na Universidade de Granada.

É unha forte divulgadora e activista feminista e LGTBIQ+. Cofundou o proxecto Q-Turn, unhas xornadas cuánticas de conferencias inclusivas, que dan protagonismo a mulleres e grupos minoritarios nun ambiente relaxado e próximo. Xa que a ciencia dedícase a resolver problemas precisa de moita xente, e canto máis diversa, mellor.



Artigo/entrevista en “Social Media en investigación”, presentación de Juani Bermejo en #CienciaArcoíris



Liniker de Barros Ferreira

«Precisamos falar de que as persoas trans aman e temos dereito de ser amadas.»

Liniker, nada en Sao Paulo (Brasil) o 3 de xullo de 1995.

É unha muller abertamente trans, cantautora e exlíder da banda brasileira “Liniker e os Caramelows”. A banda foi fundada no 2015, alcanzando fama a nivel internacional e sendo eloxiada polas revistas “Time” e “Rolling Stone”.

Creceu nunha familia de músicos e comezou a escribir cancións aos 16 anos. Con 18, deixou a súa cidade natal para perseguir a súa paixón polas artes e en 2014, mudouse a Santo André para seguir a escola de teatro, onde, con apoio, comezou a definir o seu estilo, con saias, lapis labial e turbante. Dende que a banda se separou no 2020, Liniker continua coa súa carreira en solitario.


A súa música é unha gran influencia nxs mozoxs brasileirxs que enfrontan discriminación de xénero, un público que “case nunca se atopa representado na música dese país”. Promove o cambio social e busca representación para a cultura trans negra nunha contorna social hostil. Con todo, tamén expresou o seu descontento polo feito de que ás veces, especialmente durante a súa transición, pasou demasiado tempo nas entrevistas discutindo o seu xénero, e comparativamente pouco discutindo a súa música.



Video musical na canle de
Youtube de “Netflix Brasil”:

“Preciso Me encontrar”





LEXISLACIÓN ACTUAL EN MATERIA DE IGUALDADE

NOTA: As consideradas máis relevantes irán resaltadas pero todas son de vital importancia

Referencias legislativas que recoñecen Dereitos Humanos as Persoas Trans

1. Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948
2. Principios sobre a aplicación da lexislación internacional de dereitos humanos con relación á orientación sexual e á identidade de xénero (Principios de Yogyakarta), 2006
3. Lei 3/2007, do 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas.
4. Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
5. Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.
6. Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
7. Instrución de 23 de outubro de 2018, da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, sobre cambio de nome no Rexistro Civil de persoas transexuais.

Referencias legislativas en materia de igualdade e DASF* no ámbito educativo

1. Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten os ensinos establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
2. Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mllora da calidade educativa.
3. Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar
4. Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade
5. Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia
6. I Plan de actuacións para a Igualdade dos centros educativos de Galicia 2016-2020.
 - Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de Plans de Igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da consellería de educación, universidade e formación profesional
 - Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade da identidade de xénero.

*DASF = Diversidade Afectivo-Sexual e Familiar

